

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 27 de setembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NO ASISTE:**

D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1046).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 13 de setembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1047).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 2044/21, 2833/14, 138/14, 13/14, 1008/06.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe da Área de Benestar Social conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- Aurea Casais Carreño. Expte. 0138/14.
- María Hermo Vidal. Expte. 0013/14.
- José Pereira Comesaña. Expte. 06/1008.
- Iván Henández Varela. Expte. 2833/14.
- Josefa Alonso Pereira. Expte. 2044/21.

**3(1048).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS DA ÁREA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 68814/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 24.09.13, conformado pola técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA) (CIF A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación da subministración de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras da Area de Fomento do Concello de Vigo (expediente nº 68814-250) por un importe total de 600.000 euros e unha baixa porcentual única respecto dos prezos unitarios definidos no prego de prescricións técnicas particulares do 21,50% . Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**4(1049).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 1850/315.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.09.13, e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 24.09.13, conformado pola técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial a persoas con problemas derivados do consumo de drogas (expte. 1850-315) por un prezo total de 1.298.860,58 € (IVE engadido), sendo a cota correspondente o IVE a de 118.078,23 €.

O adxudicatario comprometése a a contratación dun médico especialista en psiquiatría a media xornada, a contratación dun/ha auxiliar de laboratorio os meses de xuño, xullo e agosto e a financiar un proxecto de investigación concreto de

investigación no ámbito da neuropsicoloxía e rehabilitación neurocognitiva por un importe de 10.000 euros anuais.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

**5(1050).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN MEDIANTE ESCISIÓN DE PRAZADOURO S.L. DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO APARCAMENTO E LOCAIS COMERCIAIS DA PRAZA DE D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA MESMA Á SOCIEDADE “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA S.L.”. EXPTE. 4564/241.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 17.09.13, conformado polo concelleiro de Fomento e pola concelleira de Contratación, que di o seguinte:

*O 18 de abril de 2013, PRAZADOURO, S.L. presentou en debida forma a correspondente solicitude de autorización do Concello, para a transmisión, mediante a operación mercantil de fusión e posterior escisión da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcamento e locais comerciais da Praza D. Francisco Fernández del Riego, e mantemento e conservación da mesma, a favor da sociedade escindida, de nova creación, CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.*

*A regulación da concesión de dominio público outorgada a PRAZADOURO, S.L. se rexe polo establecido no Prego de cláusulas administrativas, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de maio de 2011.*

*O apartado III do Prego regulador da concesión relativo ó “Réxime Xurídico”, establece que a concesión se rexerá polas previsións do propio Prego e do acordo de adxudicación da concesión, así como tamén polas disposicións da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

*O apartado IX do Prego que se refire á “Transmisión da concesión”, indica que a concesión de dominio público poderase ceder polo concesionario a outra persoa física ou xurídica, previa autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, sempre que o cesionario reúna os requisitos de capacidade e solvencia esixida no presente Prego, e preste as garantías esixidas ó concesionario. O cesionario se subrogará en tódolos dereitos e obrigas derivados do presente Prego, e a cesión deberá formalizarse en documento administrativo ou escritura pública notarial.*

*Pola súa parte, o artigo 98 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, establece que as concesións demaniais sobre as obras, construcións e instalacións de carácter inmobiliario só poden ser cedidos ou transmitidos mediante negocios xurídicos entre vivos ou mediante a fusión, absorción ou escisión de sociedades, polo prazo de duración da concesión, a persoas que contén coa previa conformidade da autoridade competente para outorgala concesión.*

*Trala Orde de servizo dictada o 8 de agosto pasado conxuntamente polos Concelleiros Delegados da Área de Fomento -como coordinador das distintas áreas na inspección dos servizos- e o da Área de Economía e Facenda e Contratación (accidental), “Prazadouro S.L” foi requirido para*

que, previamente a adoptar calquera acordo, aportase unha declaración responsable e un informe de auditoría, tal como figura en dita orde.

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 5 de setembro pasado, a interesada presentou escrito ó que achegan a documentación solicitada; debendo resaltarse que o informe da auditoría expresamente dícese: “ En definitiva CENTRO COMERCIAL PLAZA ELIPTICA S. L., en los términos recogidos en el proyecto de escisión aprobado, cumple de una forma más consistente y holgada los parámetros de solvencia y estabilidad económica en comparación con PRAZADOURO S. L., en la fecha de otorgamiento de la concesión demanial el 4 de noviembre de 2011.”

Por isto e tendo en conta que o expediente non precisa de informe da Asesoría Xurídica Municipal, xa que segundo a Disposición Adicional Segunda da L.C.S.P, o seu informe preceptivo refírese ó prego de cláusulas administrativas particulares, nin da Intervención Xeral, xa que do acordo que se adopte non nacen obrigas novas de carácter económico, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de Órgano de contratación do Concello á adopción do seguinte acordo:

PRIMERO.- Autorizar a operación societaria da fusión e posterior escisión da mercantil “Prazadouro, S.L.” para constituír unha nova, “Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L.”.

SEGUNDO.- Informar a Prazadouro,S.L., que a autorización da transmisión da concesión demanial para a xestión e explotación do aparcadoiro e locais comerciais da Praza de D. Francisco Fernández del Riego e mantemento e conservación da mesma por “Prazadouro, S.L.” a “Centro Comercial Plaza Elíptica, S.L.” queda supeditada a que no prazo de tres meses as mercantís citadas cumpran as seguintes obrigas:

a).- A que, unha vez o proceso de escisión fose elevado a público e inscrito no Rexistro Mercantil, soliciten formalmente e de xeito conxunto a través de sendos acordos (adoptados polos respectivos órganos societarios que, consonte ós seus respectivos estatutos sociais, teñan legalmente atribuídas estas facultades), a transmisión da concesión en favor da nova sociedade constituída, resultante do proceso de escisión, que así mesmo manifestará expresamente o seu compromiso de subrogación en tódalas obrigas derivadas do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron a contratación e mais no contrato suscrito coa mercantil “PRAZADOURO, S.L.”

b).- A de, as dúas entidades mercantís resultantes do proceso de escisión de achegar copia co-textada dos documentos mercantís e escrituras públicas onde se instrumente a devandita operación societaria (e nos que terán que figurar recollidos os compromisos expresados na mentada declaración responsable), xunto coas correspondentes inscricións no Rexistro Mercantil.

c).- A da nova mercantil, “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”, de acadar (unha vez resulte formalmente creada) un acordo expreso do órgano societario que teña legalmente atribuída esa función de responsabilizarse da correcta execución do contrato, xunto coa mercantil “PRAZADOURO, S.L.”, así como de asumir o pagamento da cantidade correspondente ao seu enriquecemento inxusto pola recepción gratuíta das obras de excavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria “INMIGA, S.L.”

d).- A da nova mercantil, “CENTRO COMERCIAL PLAZA ELÍPTICA, S.L.”, xa prevista na devandita declaración responsable, de presentar en tempo e forma e dentro do prazo que a tales efectos se lle indique: 1) A garantía legalmente esixida ao concesionario, 2) A póliza de responsabilidade civil concertada por importe de 335.000,00 €, nos termos establecidos no

prego, 3) A documentación referida no epígrafe XVI do prego de cláusulas administrativas particulares (documentación administrativa).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1051).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A HIDROESTRUCTURAS S.L. EXPTE. 4548/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 23.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a HIDROESTRUCTURAS, S.L. a fianza de 3.600,96 euros constituída para responder das obras de Escaleiras entre rúa Uruguay e Praza de Portugal, xa que as mesmas non foron executadas.

**7(1052).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 290/330.**

En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, mediante escrito de 18.09.13, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, Festas e Museos, no mes de agosto de 2013, que son os seguintes:

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
281/330	06/08/13	CONTRATACIÓN DE TRES CONCERTOS MUSICAIS PARA "A NOITE BRANCA".	33302260900	52078	10.498,00 €	Produción e Xestión Cultural SL, Asociación Cultural Orquestra Vigo 430, Isaac Garabatos Martínez (SUL producciones)

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**8(1053).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN SPARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS NO ANO 2013. EXPTE. 5020/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 23.09.13, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Resolver a convocatoria de subvencións para programas de actividades de socioculturais para o ano 2013, de acordo coa acta de Comisión de Avaliación de data 23 de setembro de 2013 por un importe total de 49.980,13 euros con cargo á aplicación 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio, a favor das entidades que se relacionan a continuación polos conceptos e cantidades indicados en cada caso:

Expte	SOLICITANTE	CIF/NIF	epig	Programa	Concedido	Importe concedido
5118/335	Irmadade Devotos de San Roque	G-36763225	3a)	Romaría de San Roque 2013	4.000€	4.000€
5121/335	S. C. Fiestas de la Consolación Coia	G-36633030	3a)	Festas da Consolación de Coia	4.000€	4.000 €
5049/335	A.V. Do Calvario	G-36648293	2	Festa da Alegría	580,54 €	1.071,77€
			1	Día das Letras Gelegas	491,23 €	
5050/335	SCD Atlántida de Matamá	G-36620854	1	Certame Teatro	580,54€	1.223,60 €
			2	Entroido 2013	643,06 €	
5051/335	AA.VV. San Roque	G-36659894	2	Cumprindo coas nosas tradicións	321,53 €	321,53 €
5054/335	CRAC de Coruxo	V-36627495	1	Homenaxe ao gaitero	500,16 €	911,00 €
			2	Enterro do Castron (Entroido)	410,85 €	
5056/335	AV A Unión de San Pedro de Matamá	G-36654036	2	San Xoan	330,46 €	330,46 €
5057/335	AVCD San Xurxo de Saians	G-36648988	1	Día do Libro	392,98 €	937,80 €
			2	XXXVIII Festa da Amizade	544,82 €	
5058/335	AV A Nosa Terra de Alcabre	G-36649374	2	Noite de San Xoan 2013	348,33 €	348,33 €
5060/335	Asoc. Veciñal San Miguel de Oia	G-36648640	1	Actuacións de teatro	446,57 €	821,69 €
			2	San Xoan	375,12 €	
5061/335	A Festas San Miguel Arcanxo Oia	G-27745918	3b)	San Miguel Arcanxo, festas patronais	669,86 €	669,86 €
5062/335	Asc. Veciñal Doutor Fleming	G-36709004	1	Días Letras Galegas	285,81 €	571,61 €
			2	XII Festa Veciñal	285,81€	
5063/335	Irmadade Festas de Santa Ana	G-36648095	3b)	Festa patronal de Santa Ana	777,03 €	1.187,88 €
			2	Festa da sardiña	410,85 €	
5064/335	SCDR Helios de Bembrive	G-36633428	2	Festa do Socio e do veciño	500,16 €	500,16 €
5065/335	AV Emilio Crespo de Navia	G-36648608	2	Noite de San Xoan 2013	321,53 €	321,53 €
5070/335	CCR de Cabral	V-36658680	3c)	XXVII Romaría do Pan de Millo	571,61 €	991,39 €
			2	Festival do Entroido-Carnaval Infantil	419,78 €	
5071/335	Circulo Mercantil e Industrial de Vigo	G-36614097	2	Entroido 2013	339,39 €	678,79 €
			1	Concurso de pintura	339,39 €	
5073/335	AVCD Sampaio	G-36648103	1	Actuación grupo de gaitas	509,09 €	848,48 €
			2	San Xoan	339,39 €	
5074/335	AF. Virgen de los Liñares	G-36623593	2	Festa de San Xoan	330,46 €	1.071,77 €
			3b)	Festa da Virxen dos Liñares	741,31 €	
5075/335	San Salvador de Coruxo	G-27749183	3b)	San Salvador de Coruxo (festa patronal)	428,71 €	428,71 €

5076/335	UVCD Candeán	G-36863348	1	II Festival Augas de Maio	401,91 €	750,24 €
			2	San Xoan	348,33 €	
5077/335	Irmandade Festas de Candeán	G-36757003	3b)	Festa patronais Candean	589,47 €	589,47 €
5078/335	AV Cristo da Victoria	G-36622793	2	Sardiñada popular do barrio	339,39 €	339,39 €
5079/335	Asociación Xogais	G-36917037	2	Vigo, cidade diversa	620,73 €	620,73 €
5080/335	AVCR de San Mamede de Zamans	G-36691855	2	Festa do socio 2013	580,54 €	580,54 €
5081/335	CC Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G-27762434	1	Encontro Folclórico	375,12 €	643,06 €
			2	Magosto	267,94 €	
5082/335	Agrup. Centros Deportivos e Culturais	G-36791291	2	Animación nas rúas.	535,89 €	535,89 €
5083/335	Asoc. Veciñal Fonte do Galo	V36655017	2	Festa da Asociación	285,81 €	265,94 €
5085/335	AVV Praza da Miñooca	G-36842284	2	Festa Xuntanza San Xoan	330,46 €	330,46 €
5086/335	AVCV-CSCR de Beade	G-36632081	3c)	XXVIII Festa feira da Cereixa	812,76 €	1.375,44 €
			1	Festival folclórico de Beade	562,68 €	
5087/335	AV As Nosas Ruas de Trav. De Vigo	G-36640985	2	Magosto 2013	339,39 €	785,96 €
			1	Actuacións grupo Garrulada 2013	446,57 €	
5088/335	Asoc. Cultural David Fdez. Rivera	G-27729821	1	Homenaxe ao poeta David Fdez. Rivera	464,43 €	464,43 €
5089/335	Fundación Igualarte	G-36427524	1	Actuaciones musicales	509,09 €	1.009,25 €
			2	Arte de verano	500,16 €	
5090/335	Festa Nosa Sra. Das Neves de Matama	G-36954162	3b)	Festa Nosa Sra. Das Neves de Matamá	768,10 €	768,10 €
5091/335	AAVV Parada Maceiriña Ruas e Fontes	G-36655942	2	Fogueira de San Xoan (sardiñada)	384,05 €	384,05 €
5092/335	AVMC O Noso Barrio de Coia	G-36784296	2	FESTA DA BOUZA 2013: Proxecto de activ. Socioculturais nos barrios e parroquias e programas da cultura tradicional galega	339,39 €	339,39 €
5094/335	Asociación As Fontes de Lavadores	G-36684991	1	Festival Música Galega Suso Alvarez	491,23 €	830,62 €
			2	San Xoan	339,39 €	
5096/335	AVCD Lavadores	G-36633618	1	Venres Musicais	446,57 €	866,35 €
			2	Arsanía folclórica	419,78 €	
5098/335	AVCD Monte da Mina Castrelos	G-36623593	2	Festa da convivencia	437,64 €	437,64 €
5099/335	Colectivo Cultural Alternativo Malaherba	G-36983310	2	II Festa da Sementeira do Millo	526,95 €	526,95 €
5100/335	AVCD Santa Mariña de Cabral	G-36651073	2	Fogueira de San Xoan	357,26 €	357,26 €
5102/335	Fundación Carlos Casares	G-36907244	1	"O sabor das Letras"	643,06 €	643,06 €
5104/335	AV O Carballo de Sardoma	G-36649325	1	Cultura musical no barrio	553,75 €	973,52 €
			2	Festa do Socio	419,78 €	
5105/335	Asoc. Veciñal Novo Vigo	G-27771195	1	DanzArte Navia	375,12 €	616,27 €
			2	San Xoan	241,15 €	
5106/335	Asociación Veciñal de Teis	G-36646545	2	VII Festa do Veciño	553,75 €	553,75 €
5107/335	Fundación Son de Seu	G-36968741	1	Disco Son de Seu Orquestra Folk Galicia	723,44 €	723,44 €
5109/335	CVC de Valadares	G-36.805158	1	XVI Certame Inter de Regueifas	518,02 €	1.036,04 €
			2	XI Serán Tradicional de Valladares	518,02 €	
5111/335	ACF O Fiadeiro	G-36812204	1	VIII Gala esta noite hai unha fía	669,86 €	1.178,95 €
			2	I Ronda de Nadal	509,09 €	

5112/335	CCAR de Valadares	G-36617082	1	XIV Certame de Humor de Valladares	482,30 €	964,59 €
			2	Certame de Rondallas	482,30 €	
5113/335	ALG-A Asociación Cultural	G-36985950	2	Agroestación	312,60 €	312,60 €
5114/335	Asociación Folclórica Tarambainas	G-27750819	1	Xornadas de Música e Baile	401,91 €	759,17 €
			2	Serán das Tarambainas	357,26 €	
5115/335	Agrupación de Festas de vigo	G-27729821	3b)	Festa Santa Cristina Lavadores	464,43 €	5.099,84 €
			3b)	Ntra. Sra. Dos Dores de Cabral	759,17 €	
			3b)	Santa Mariña de Cabral	723,44 €	
			3b)	San Paio de Navia	687,72 €	
			3b)	Santa Eulalia de Alcabre	571,61 €	
			3b)	San Benitiño do Monte Pequeno Candean	392,98 €	
			3b)	O Rosario de Navia	464,43 €	
			3b)	Das Candelas e San Brais-Castrelos	535,89 €	
5116/335	Fundación Cume	G-36797579	1	Teatro social en función da Cidadanía	482,30 €	482,30 €
5117/335	AVCD-CSCDR "Val do Fragoso"	G-36640860	3b)	Noite de San Xoan 2013	276,87 €	276,87 €
5119/335	SVCD NAUTILUS	G-36631703	1	Letras Galegas	419,78 €	759,17 €
			2	San Xoan	339,39 €	
5120/335	AV Rosalía de Castro da Salgueira	G-366444904	2	Magosto	303,67 €	303,67 €
5122/335	Asociación de Percutas Omar	G-36482347	2	Sons do Castro	366,19 €	366,19 €
5125/335	Asoc. Cultural Orquestra 430	G-277743475	1	Xove 430	500,16 €	500,16 €
5126/335	A Coral Polifónica Anduriña	G-36898708	1	VIII Festival de Habaneras y Polifonía	392,98 €	392,98 €
					50.000 €	49.980,13 €

SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes seguintes de acordo as bases cuarta e sétima:

- Expte: 5103/335 Asociación de persoas sordas G-36622835 (desestimada base sétima 2)
- Expte: 5108/335 Asociación Xuvenil Xuntanza Xuvenil G-36744591 (desestimada base sétima 2)
- Expte: 5110/335 Asoc. Mulleres "Pedra Vella" G-36837433 (desestimada base sétima 2)

TERCEIRO.- O prazo de xustificación das subvencións para programas de actividades socioculturais 2013 unha vez rematado o programa e como data límite o día 5 de decembro de 2013.

**9(1054).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 9.680 € A FAVOR DE "LA FIESTA ESCÉNICA" POLA CARROZA DA POLICÍA LOCAL DE VIGO PRA A CABALGATA DE REIS 2013. EXPTE. 5095/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 9.08.13,



conformado polo xefe de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado da Área de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de LA FIESTA ESCÉNICA SL (CIF B-46.963.577) por un importe de 9.680,00 euros (factura 10/2013) pola Carroza da Policía local para a Cabalgata de Reis 2013.

2º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor de LA FIESTA ESCÉNICA SL (CIF B-46.963.577) con cargo á bolsa de vinculación da aplicación 3380.226.0901 por importe de 9.680,00 euros.”

### **10(1055).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO 2013. EXPTE. 10354/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 24.09.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2013 a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:*

*1.- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de información, orientación e prospección de emprego que se van realizar dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014.*

*2.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a subvención total de 80.000,00 € para financiar a contratación de catro técnicos/ás de orientación laboral dende o 1 de febreiro de 2013 ata o 31 de xaneiro de 2014 de acordo co establecido na Orde do 10/04/2013, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 114.364,09 € para a contratación dos/as 4 técnicos/as de orientación laboral.*

*3.- Consignar, nos orzamentos municipais do ano 2013 e 2014 unha achega ao proxecto de 114.364,09 €, correspondendo unha partida cunha contía mínima de 104.833,75 € para o ano 2013 e unha partida de 9.530,34 € para o ano 2014 destinado ó cofinanciamento municipal destes contratos, no caso de seren aprobadas as solicitudes de subvención pola cantidade solicitada.*

CUSTOS TOTAIS	Mensual			Anual				
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total	Subvención Xunta máx.	Aportación municipal
4 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	12373,57	3823,43	16197,01	148482,88	45881,22	194364,09	80000,00	114364,09

- Orde do 10 de abril de 2013 no artigo 4: subvención máxima de 20000,00 € anuais por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, para a sinatura da documentación necesaria para a presentación da solicitude ante a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Con data do 19 de setembro recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego, por resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 10 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego co número de expediente TR331A 2013/0058, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 60.000,00€ para a posta en marcha das ditas accións.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Directora Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 10 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, co expediente TR331A 2013/0058, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 60.000,00€ (inclúe a contratación de 3 técnicos de orientación dende o 1 de febreiro de 2013 ata 31 de xaneiro de 2014) para a posta en marcha do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego.

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa de Información, Orientación e Prospección de Emprego, conforme ao establecido na orde de 10 de abril de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego e proceda ao axuste do programa ao presuposto aprobado.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1056).- RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR D<sup>a</sup>. BEATRIZ MARTÍNEZ FIGUEROA CONTRA ACORDOS DA X.GOVERNO LOCAL DE APROBACIÓN DAS “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCIZO 2013”. PROPOSTA DESESTIMATORIA.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.09.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*Dona Beatriz Martínez Figueroa, con D.N.I. 13089141W, veciña de Vigo e con domicilio a afectos de notificación en r/ As Teixugueiras nº 34 – P-1 - 9ªA, 36212 de Vigo, con data 19/07/2013 e co número de documento 130087312, ten presentado Recurso de Reposición contra os acordos da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de datas 14/06/2013 e 28/06/2013, polo que se aproban as “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCICIO 2013”, no que solicita:*

*A revogación do artigo 5.1.f e calquera outro nos mesmos termos das bases e convocatoria anteriormente referendada publicadas no BOP de data 05/07/2013.*

*Tendo en conta que o mencionado recurso conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a solicitude:*

- Está presentado en tempo e forma.*
- Está identificada a interesada co seu nome e apelidos*
- Identifica o lugar dos efectos de notificacións.*
- Detalla os feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade.*
- Lugar e data de presentación.*
- Sinatura da solicitante*
- Organo á que se dirixe.*

#### **ANTECEDENTES:**

- a) A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data 14 de xuño de 2013, aprobou as “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCICIO 2013”, expediente 6099/320.*
- b) Con data 28 de xuño de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, aprobou unha “MODIFICACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCICIO 2013”, expediente 6154/320.*
- c) O artigo 5.1.f establece “Que o importe da renda per capita dos membros da unidade de convivencia, non sexa superior aos 150,00 euros”.*
- d) A Concello á competente para a realización da actuación obxecto de recurso conforme ao establecido:
  - 5. A Lei 7/ 1985 de 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu artigo 25 a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a prestación de servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes segundo establece o artigo 26 da citada Lei.*
  - 6. Pola súa parte a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no seu artigo 60 regula as competencias dos Concellos e establece que de conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponde aos concellos no marco da planificación e orde-**

nación xeral do sistema galego de servizos sociais: apartado f) a elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial de conformidade co previsto no artigo 48 da presente Lei; o citado artigo establece que os concellos poderán elaborar a súa propia planificación que, no marco da planificación estratéxica, a completen no seu propio ámbito territorial, a través dos plans e programas de servizos sociais municipais.

7. O artigo 2 da Lei de Subvencións de Galicia establece o concepto de subvención nos seguintes termos: toda disposición dineraria realizada pola Administración a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:
- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
  - Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou á concorrencia dunha situación, e o beneficiario debe cumprir as obrigas materiais e formais que se establezcan.
  - Que o proxecto, a acción, a conducta ou a situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou promoción dunha finalidade pública.
  - O artigo 10.1 da Lei de Subvencións de Galicia establece que poderán obter a condición de beneficiario as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.
12. As limitacións establecidas para adquirir a condición de beneficiario/a (idade, renta per cápita, ingresos de unidade de convivencia, etc), veñen determinados tendo en conta a situación de grave precariedade de moitos veciños e veciñas de Vigo, e sempre dentro das competencias que a lexislación atribue Os órganos de goberno do Concello de Vigo.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta que as “BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE VIGO, EXERCICIO 2013”, cumpren cos obxectivos polos que fueron aprobadas, dentro das competencias que lle corresponde ao Concello de Vigo, no marco da elaboración de plans e programas de servizos sociais no seu ámbito territorial, PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición presentado por Dona Beatriz Martínez Figueroa, con D.N.I. 13089141W, veciña de Vigo e con domicilio a afectos de notificación en r/ As Teixugueiras nº 34 – P-1 - 9ªA, 36212 de Vigo, no que solicita a “revogación do artigo 5.1.f e calquera outro nos mesmos termos das bases e convocatoria anteriormente referendada publicadas no BOP de data 05/07/2013”.

2º.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1057).- PROPOSTA PARA DEIXAR SEN EFECTO A CONVOCATORIA E AS BASES DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NAS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, APROBADAS POLA X.GOVERNO LOCAL O 23.08.13, POR INEXISTENCIA DE SOLICITUDES. EXPTE. 10119/77.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 24.09.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

*O pasado día 23 de agosto de 2013 en sesión ordinaria a Xunta de Goberno Local no punto 10 da orde do día adoptou a seguinte proposta de acordo:*

*10.- “Convocatoria e Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego nas asociacións veciñais para o exercicio de 2013”.*

*Aprobar a convocatoria e as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego nas Asociacións Veciñais”, correspondentes ao ano 2013 que se achegan no Anexo I.*

*Aprobar, o gasto, por importe de 80.000,00 € (oitenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 2410 4890010 denominada “CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL”, do vixente exercicio presupostario (2013).*

*Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego en Vigo” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e páxina web do Concello de Vigo, conforme ao art. 14.1 da LSG, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.*

*Seguindo o punto 3 do citado acordo aprobado, a convocatoria así como as súas bases foron publicadas no BOP nº 167 de data 2/09/13, para que tódalas asociacións que estiveran interesadas presentasen a súa solicitude.*

*Pasado o período establecido no edicto deste Concello, como se indica no certificado emitido por D. Manuel Xose Lorenzo Penela Secretario de Goberno Local por delegación nesa data, constátase a inexistencia de solicitudes para esta convocatoria.*

*Ante o deserto de solicitudes, enténdese por parte deste servizo que procede deixar a convocatoria sen efecto e ó reintegro do montante retido RC 201300052085 por importe de 80.000,00€ á aplicación orzamentaria de partida 2410 4890010, para que desde este servizo se poida proceder a dar un novo uso o montante retido e non comprometido.*

*Polo anteriormente exposto, SOLICÍTASE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O SEGUINTE:*

- a) Deixar sen efecto a convocatoria así como as bases de subvencións para o Fomento do Emprego nas Asociacións Veciñais, aprobada pola xunta de Goberno Local o día 23 de agosto de 2013, por inexistencia de solicitudes.*

b) Reintegrar, o importe retido e non gastado, por importe de 80.000,00 € (oitenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 2410 4890010 denominada "CONVENIOS P. EMPREGO MUNICIPAL", do vixente exercicio presupostario (2013).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1058).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA NO FIRME DE DIVERSAS RÚAS DO CASCO URBANO NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO POLO PROCEDEMENTO ABERTO. EXPTE. 2021/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.09.13, o informe de fiscalización do 22.09.13, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 5.09.13, conformado polo asexor xurídico da Área de Fomento, a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar a contratación das obras correspondentes os proxectos do reforzo da capa de rodadura do firme das rúas do casco urbano do termo municipal de Vigo, relacionadas no apartado cuarto que segue, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria.

**SEGUNDO:** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de rodadura do firme das rúas do casco urbano do termo municipal de Vigo, reseñadas no punto cuarto, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 4 de setembro de 2013.

**TERCEIRO:** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras correspondentes os proxectos de mantemento e conservación do reforzado da capa de do firme das rúas, reseñadas no punto cuarto, do casco urbano do termo municipal de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras de data 4 de setembro de 2013.

**CUARTO:** Autorizar o gasto por un importe máximo de 381.072.95 € IVE , cos importes individualizados seguintes:

RÚA	PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN
1 CACHAMUIÑA	44.366,72 €
2 CARACAS	21.683,39 €
3 DON QUIJOTE	7.250,77 €
4 GERONA	25.630,28 €
5 HERACLIO BOTANA	5.838,42 €
6 JOSÉ FRAU	11.823,94 €
7 TÚNEL PLAZA DE AMÉRICA	35.342,72 €
8 RICARDO PORTELA	17.480,01 €
9 SAN AMARO	49.169,06 €
10 SERGIO SABORIDO	7.455,09 €
11 TOMÁS PAREDES	77.375,85 €
12 PAZ	49.178,05 €
13 JUAN RAMÓN JIMÉNEZ	28.478,66 €
<b>TOTAL</b>	<b>381.072,95 €</b>

Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento da area de Vías e Obras, da partida 1550.210.00.00 “Conservación de viais e espazos públicos”, a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

QUINTO: Abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

**15(1059).- REVISIÓN ORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLICOS URBÁNS, LIMPEZA VIARIA E PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO (XUÑO 2010/2011). EXPTE. 136/242.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 9.09.13, conformado polo concelleiro de Limpeza e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a 7ª revisión ordinaria do prezo do contrato de concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, limpeza urbana e de praias do termo municipal de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., fixando un coeficiente de revisión a partir do día

1 de xuño de 2010 en K2010 = 1,6164, do que resulta un prezo revisado nos seguintes importes:

- Período 1 de xuño de 2010 a 30 de xuño de 2010: 23.479.283,25 €/ano (ive 7% engadido).
- Período 1 de xullo de 2010 ata 31 de maio do 2011: 24.163.818,89 €/ano (ive 8% engadido).

SEGUNDO: Prorrogar o prezo calculado de 24.163.818,89 €/ano (ive 8% engadido) ata a seguinte revisión ordinaria do contrato.

TERCEIRO: Modificar o cánon anual a partir do día 1 de setembro do 2012 para incluír a modificación no tipo do imposto sobre o valor engadido que se incrementa do 8% ao 10%, resultando o importe anual do contrato en: 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido).

CUARTO: Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2013, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 24.611.297,02€/ano (IVE 10% engadido), supoñendo unha diferenza mensual de 113.706,92 euros, entre o prezo facturado e o prezo actualizado.

QUINTO: Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado ao prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2012, o importe de 3.429.661,24€ desglosado conforme ás seguintes cuantías, imputando o gasto á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1620..227.0000 do vixente orzamento municipal:

- 72.206,10€ (ive 7% engadido), polo mes de xuño do 2010
- 2.902.627,47€ (ive 8% engadido) polo período xullo 2010 a agosto 2012
- 454.827,67€ (ive 10% engadido) de setembro a decembro do 2012

SEXTO: Denegar o apartado III) e IV) da solicitude da empresa referente a revisión da man de obra pola aplicación do convenio colectivo vixente da empresa, ó entender que a revisión deberase axustar ó prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, no que se prevé que a revisión da man de obra efectuarase pola aplicación do ipc do ano de revisión mais 1,5 puntos.

**16(1060).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ÁREAS BIOSALUDABLES E ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS. EXPTE. 7163/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.08.13, o informe de fiscalización do 12.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns do 18.09.13, conformado polo concelleiro de



Parques e Xardíns e a concelleira delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para a contratación do mantemento e conservación das áreas biosaludables e áreas deportivas ximnásticas redactado polo Xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns con data 21/08/13

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe da Oficina Administrativa de Contratación con data 30/08/13 para a contratación do mantemento e conservación das áreas biosaludables e áreas deportivas ximnásticas.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación do mantemento e conservación das áreas biosaludables e áreas deportivas ximnásticas con cargo a partida 1710.227.99.04 do orzamento do 2013 por importe de 29.722,60 euros (I. V. E. Incluído)

4º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista por procedemento negociado con publicidade.

**17(1061).- NOMEAMENTO DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”. EXPTE. 2344/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.09.13, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14 de xuño de 2013 aprobou o PROXECTO “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”, cun orzamento de base de licitación de 59.638,98 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.*

*Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria “AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(1062).- PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DA OBRA “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”. EXPTE. 2441/443.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.09.13, que di o seguinte:

*Obra: “ ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”. Expte. 2344/443.*

*Localidade e situación: DIVERSAS RÚAS DE VIGO.*

*Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.*

*Redactor estudo xestión: D. JOSÉ LUIS CIVIDANES MATOS.*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS*

*Contratista redactor do Plan: AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.*

*Data prevista comezo obra: DE INMEDIATO*

*Visto o informe do técnico titulado arriba expresado, referente ao:*

*-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.*

*Considérase que, o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.*

*En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

- 1. Aceptar o plan de Xestión de Residuos da obra “ACTUACIÓN NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DE DIVERSOS BOMBEOS DA REDE DE SANEAMENTO”.*

*Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA FCC UTE VIGO, SA.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(1063).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.396,58 € A FAVOR DE IMESAPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS DURANTE OS MESES DE XUÑO E XULLO DE 2013. EXPTE. 2908/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.09.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 27.08.13, conformado polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.

SEGUNDO.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2013, por un importe de 16.396,58 € (dezaseis mil trescentos noventa e seis euros con cincuenta e oito céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 16.396,58 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de xuño e xullo de 2013.

**20(1064).- ABOAMENTO DE CANTIDADES EN EXECUCIÓN DE SENTENZAS A D<sup>a</sup> ENMA DÍAZ LÓPEZ E OUTRAS. EXPTE. 24437/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.09.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior do 12.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*1.- En data 15/07/2013, recíbese da Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso) oficio no cal se comunican as Sentenzas do Xulgado do Social nº 5 de Vigo do 26 de maio e 26 de xuño do 2013, estimatorias parciais das demandas interpostas por D<sup>a</sup> Enma Díaz López contra o Concello de Vigo.*

*A reclamante fora bolseira do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, tendo reclamado contra o mesmo por despido nulo e recoñecemento de dereito e cantidade como persoal laboral; a sentenza nº 345, do 26 de maio do 2013, declara, entre outros aspectos:*

*A nulidade do despido con data 18/11/2012.*

*A condena ao Concello de Vigo á readmisión inmediata da actora.*

*O dereito á percepción dos salarios deixados de percibir dende o 18/11/2012 (data do despido) a razón dun importe de 69,80 euros diarios.*

*Na citada comunicación, a Asesoría Xurídica indica a obriga de execución provisoria da senteza en canto á readmisión inmediata da recorrente, e ao aboamento dos salarios deixados de percibir dende o despido indicado, debendo estarse, en canto ás condicións da readmisión, ao resolto na Sentenza nº 346/2013, do 26 de xuño, que sinala as condicións seguintes:*

*c) relación laboral indefinida*

*d) antigüidade dende o 18/11/2011*

*e) categoría de "administrativa"-guía turística (subgrupo C1, CD 19 e CE 316).*

*En consecuencia, e sen prexuízo da apelación das resolucións xudiciais indicadas por parte dos Servizos Xurídicos Municipais, procédese por resolución do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a readmisión inmediata da interesada con efectos do 22/08/2013, dispoñéndose en dita resolución a tramitación do expediente de gasto para proceder ao abono das*

cantidades deixadas de percibir dende o seu despedimento ata a data da súa readmisión (18-11-12 a 6-9-13), así como ao abono das diferenzas salariais de 18-11-11 a 17-11-12).

2.- Así mesmo, por resolución de data 21/08/2013 do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal procedeu-se a execución provisional da sentenza 508/2013, do 30 de xullo pola que se procedeu á readmisión inmediata de D<sup>a</sup> Natalia Barreiro Fidalgo, con DNI 36.157.165-S no servizo de Turismo do Concello de Vigo con efectos do día 22/08/2013

A reclamante fora borseira do Servizo de Turismo do Concello de Vigo, tendo reclamado contra o mesmo por despido nulo como persoal laboral; a sentenza nº 508/2013, do 30 de xullo do 2013, declara, entre outros aspectos:

- a) A nulidade do despido con data 18/11/2012.
- b) A condena ao Concello de Vigo á readmisión inmediata da actora.
- c) O dereito á percepción dos salarios deixados de percibir dende o 18/11/2012 (data do despido) a razón dun importe de 70,37 euros diarios.

En canto ás condicións da readmisión, deberá estarse ao resolto en dita sentenza que sinala as condicións seguintes:

- relación laboral indefinida
- antigüidade de 31 de marzo de 2007, computánlle aos efectos de trienios os servizos prestados para o Concello de Vigo dende 15/06 a 15/10/2005; 15/06 a 14/10/2006; 31/03 a 8/04/2007 e do 28/04 a 08/05/2007
- categoría de “administrativa dos servizos turísticos (subgrupo C1, CD 19 e CE 316).

No fallo da sentenza condénase asimismo a que se lle faga pagamento por importe de 3.000 € en concepto de indemnización.

3.- Así mesmo, con data 28 de xuño de 20013 por acordo da Xunta de Goberno local procedeu-se a execución da sentenzas do Xulgado do Social Nº 1 sobre despedimento de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José García Oliveira, quedando pendente o aboamento das cantidades deixadas de percibir dende o seu despedimento ata a data da súa readmisión (18-11-12 a 7-7-13), así como ao abono das diferenzas salariais de 18-11-11 a 17-11-12), das que existe RC nº 39615 por importe de 13.857,89 euros.

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTES-QUIEU e a súa fundamental obra “Dêfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corpo-

racións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

**II.** -Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

**III.**- En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Legislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1); téndose en conta, no presente suposto, que as resolucións xudiciais que se executan non son firmes á data de hoxe, sen prexuízo do cal, resulta de aplicación o disposto no artigo 113 en relación co artigo 297.2 da Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social, tal e como se sinala na comunicación do Servizos Xurídicos Municipais.

**IV.** - Debe salientarse que, en tanto non se dicte sentenza xudicial firme e se proceda á regularización da situación de indefinición do vínculo laboral xudicialmente declarado mediante aos mecanismos legalmente previstos (amortización de posto, avaliación da legalidade e procedencia de creación de prazas, sempre que a lexislación orzamentaria o permita; expediente de regulación de emprego, etc), este Servizo de Recursos Humanos unicamente dispón da partida orzamentaria 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) no marco dos Orzamentos Municipais do Concello de Vigo para o presente exercicio económico 2013, entendendo a suscribinte –a salvo obviamente de mellor criterio da Intervención Xera Municipal- que deberá imputarse o gasto que xenere a readmisión á sinalada aplicación orzamentaria.

O réxime retributivo, será en todo caso o mesmo que o do persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, como así o estimou a referida resolución xudicial, resultando consecuentemente de aplicación o vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" no que non se atope suspendido na súa vixencia por mandato legal do Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo.

**V.**- Por último, e dende o estricto aspecto do ámbito funcional do Servizo de Recursos Humanos, debe tomar coñecemento a Xunta de Goberno Local da situación que xeneran as resolucións xudiciais obxecto de execución, entendendo que sería altamente recomendable a reorientación, por parte dos responsables técnicos dos servizos e unidades, da actividade becada, a fin de evitar máis declaracións xudiciais de indefinición de vínculos laborais, que derivan non só no incremento da carga económica do Capítulo I de gastos –circunstancia xa advertida en informes deste Servizo aos proxectos de Orzamentos Municipais para os exercicios 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 (capítulo I)- senón nunha inflación da plantilla municipal con prazas que non só poden ser de innecesaria creación no marco da desexable racionalidade da estrutura interna da organización, senón que, adicionalmente, no marco legal actualmente vixente en materia orzamentaria, non atopa amparo legal (vid. Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que impide a aprobación de ofertas de emprego público salvo nos Corpos de Policía Local, suspendendo igualmente os procesos de consolidación de emprego temporal para todo o 2013). A tal efecto, debe salientarse que dita norma expresamente recolle que (artigo 23. Un):

“ 1. A lo largo del ejercicio 2013 no se procederá en el sector público delimitado en el artículo anterior, a excepción de las sociedades mercantiles públicas que se registrarán por lo dispuesto en la disposición adicional vigésima de esta Ley, a la incorporación de nuevo personal, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de plazas de militares de Tropa y Marinería necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la disposición adicional décima octava. Esta limitación alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, la limitación contenida en el apartado anterior no será de aplicación a los siguientes sectores y administraciones en los que la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 10 por ciento:

A) A las Administraciones Públicas con competencias educativas para el desarrollo de la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, en relación con la determinación del número de plazas para el acceso a los cuerpos de funcionarios docentes.

B) A las Administraciones Públicas con competencias sanitarias respecto de las plazas de hospitales y centros de salud del Sistema Nacional de Salud.

C) A las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, a aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos de Policía Autónoma propios en su territorio, y en el ámbito de la Administración Local a las correspondientes al personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas.

En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de la policía local, se podrá alcanzar el cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, los respectivos Plenos de las Entidades locales deberán aprobar un plan económico financiero en el que se incluya la medida a la que se refiere la presente norma y se ponga de manifiesto que, igualmente, se da cumplimiento al citado principio de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.

D) A las Fuerzas Armadas en relación con las plazas de militares de carrera y militares de complemento de acuerdo con lo previsto en la Ley 39/2007, de 19 de noviembre, de carrera militar.

E) A las Administraciones Públicas respecto del control y lucha contra el fraude fiscal, laboral, de subvenciones públicas y en materia de Seguridad Social.

F) A las Administraciones Públicas respecto del asesoramiento jurídico, la gestión y el control de la asignación eficiente de los recursos públicos.

G) A la Administración de Justicia y a la Acción Exterior del Estado.

H) A las Administraciones Públicas respecto de la cobertura de las plazas correspondientes al personal de los servicios de prevención y extinción de incendios.

I) A las Administraciones Públicas en relación con las plazas de personal investigador doctor de los Cuerpos y Escalas de los organismos públicos de investigación definidos en la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación.

J) A las Administraciones Públicas respecto de la supervisión e inspección de los mercados de valores y de los que en ellos intervienen.

K) A la Agencia Estatal de Seguridad Aérea respecto del personal que realiza actuaciones de inspección y supervisión de la seguridad aérea y las operaciones de vuelo, siempre que se acredite, con carácter previo, que no ha resultado posible la cobertura de las plazas objeto de oferta por empleados públicos con una relación preexistente de carácter fijo e indefinido en el Sector Público Estatal.

Esta excepción será también de aplicación a las plazas de los cuerpos de personal investigador de las Universidades, siempre que por parte de las administraciones públicas de las que dependen se autoricen las correspondientes convocatorias, previa acreditación de que la oferta de empleo público de las citadas plazas no afecta al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria establecidos para la correspondiente Universidad, ni de los demás límites fijados en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.”

VI.- Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 50.039,40 €, dado que xa existe documento contable RC nº 39615 por importe de 13.857,89 € (63.897,29 de principal) con cargo á partida 92201410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” e da parte correspondente a seguridade social por importe de 23.801,74 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

#### Salarios tramitación

Mª JOSE GARCIA OLIVEIRA	18/11/12 a 07/07/13	SS Empresa 30,90 %	SS Traball. 6,35 %	IRPF 15%
Importe	16.414,72	5.072,15	1.042,33	2.462,21
ENMA DIAZ LOPEZ	18/11/12 A 21/08/13			
Importe	19.055,40	5.888,12	1.210,02	2.858,31
NATALIA BARREIRO FIDALGO	18/11/12 A 21/08/13			
Importe	19.211,01	5.936,20	1.219,90	2.881,65

#### Diferencias salariales

Mª JOSE GARCIA OLIVEIRA	18/11/11 a 17/11/12	SS Empresa 30,90%	SS Traball 6,35%	IRPF 15%
Importe	13.875,89	4.287,65	881,12	2.081,38
ENMA DIAZ LOPEZ	18/11/11 a 17/11/12			
Importe	13.504,28	4.172,82	857,52	2.025,64

En consecuencia, sométese á consideración de dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Dispoñer en execución das sentenzas nº 345/2013, do 26 de maio, e nº 346/2013, do 26 de xuño de 2013, dictadas polo Xulgado do Social nº 5 de Vigo, así como da resolución do Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal de data 23/08/2013 o aboamento Dª Enma Díaz López, con DNI 34.261.744-R da contía correspondente a salarios de tramitación do

período 18/11/12 a 07/07/13 por unha contía de 19.055,40 €, así como a diferencias salariais do período 18/11/11 a 17/11/12 por unha contía de 13.504,28 €.

SEGUNDO.- Dispoñer, en execución das sentenzas xudiciais 248/2013 do 15 de maio e 299/2013 de 20 de maio, das que se deu cumprimento segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2013, quedando pendente a parte económica, o aboamento a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José García Oliveira, con DNI 53.183.029-Z, da contía de 16.414,72 € correspondente a salarios de tramitación do período 18/11/12 a 07/07/13 e a de 13.875,89 € de diferencias salariais do período 18/11/11 a 17/11/12.

TERCEIRO.- Dispoñer, en execución de sentenza nº 508/2013, do 30 de xullo, do Xulgado do Social nº 2 e da resolución do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 21/08/2013 o aboamento a D<sup>a</sup> Natalia Barreiro Fidalgo, con DNI 36.157.165-S, da contía de 19.211,01 correspondentes a salarios de tramitación do período 18/11/12 a 21/08/2013, así como a 3.000 € correspondentes a indemnización.

CUARTO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias a D<sup>a</sup> Enma Díaz López, DNI 34.261.744-R polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (2.067,542 €) e IRPF (4.883,95), efectuando o ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274 debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 65 002013 (14.987,07 €) correspondentes a sentenza 345/2013, procedemento 20/2013, e na mesma conta bancaria indicando en concepto expte: 3630 0000 65 123712 a cantidade de 10.621,12 € diferencias salariais correspondentes a sentenza 346/2013, procedemento 1237/2012.

QUINTO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José García Oliveira, DNI 53.183.029-Z polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (1.923,45 €) e IRPF (4.543,59 €), efectuando o ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274 debendo indicar en concepto: expte. 3626 0000 65 001613 (12.910,18 €) correspondentes a sentenza 299/2013, procedemento 16/2013, e na mesma conta bancaria indicando en concepto expte: 3626 0000 65 123412 a cantidade de 10.913,39 € diferencias salariais correspondentes a sentenza 284/2013, procedemento 1234/2012.

SEXTO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias a D<sup>a</sup> Natalia Barreiro Fidalgo, DNI 36.157.165-S, polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (1.219,90 €) e IRPF (2.881,65 €), efectuando o ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 2 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274 co concepto 3627 0000 65 001013 (18.109,46 € -15.109,46 € máis 3.000 € de indemnización), correspondentes a sentenza 508/2013, procedemento 10/2013.

SETIMO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización L02-Salarios tramitación polos períodos 18/11/12 a 21/08/13 e L03-Diferencias salariais polo período 18/11/11 a 17/11/12, á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

OITAVO.- Dar conta do presente acordo aos Xulgados do Social nº 1, 2 e 5 de Vigo aos oportunos efectos en relación coas resolucións xudiciais que se executan, a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemadeá recorrente, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Turismo, Asesoría Xurídica Municipal, Intervención Xeral Municipal e Xefatura do Servizo de Turismo, aos efectos que procedan."



Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(1065).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE AGOSTO DE 2013. EXPTE. 24433/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación de Formación de Recursos Humanos, do 16.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas, segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	agosto	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	269,28	820,08	1.089,36
Policia Local	agosto	De Aballe González, Manuel a Vivero Mijares, Juan Guillermo	26.163,90	40.471,71	66.635,61
Parque Móbil	agosto	De Alonso González, Ángel a Riveiro Rodríguez, José	720,80	520,59	1.241,39
Extinción Incendios	agosto	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Villaverde Veleiro, José Benito	2.499,68	10.070,10	12.569,78
Cemiterios	agosto	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	0,00	2.448,18	2.448,18
Montes, Parques e Xardíns	agosto	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo	5,44	554,76	560,20
Limpeza	agosto	De Alonso Estevez, Loida a Vila Romero, Nemesio	1.267,52	0,00	1.267,52
Parque Central	agosto	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	758,88	1.113,54	1.872,42
IMD	xull/Agos	De Alves Cerqueira, Antonio	17,68	326,63	344,31
Medio Ambiente	agosto	De Rodríguez Barbosa, Francisco J.	48,96	0,00	48,96
<b>TOTAIS</b>			<b>31.752,14</b>	<b>56.325,59</b>	<b>88.077,72</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 88.077,72 € , con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**22(1066).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2013. EXPTE. 24429/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación de Formación de Recursos Humanos, do 11.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Agosto de 2013, e que ascenden a un total de 1.019,20 € (mil dezanove euros con vinte céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

**23(1067).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE AGOSTO 2013. EXPTE. 24431/2013.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación de Formación de Recursos Humanos, do 12.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Agosto-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscientos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**24(1068).- BASES SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, CON MOTIVO DE SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA. EXPTE. 24444/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.09.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación de Formación de Recursos Humanos, do 16.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos

Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas dun/ha Técnico/a Superior de Normalización Lingüística por un período máximo de dous meses e trece días, ao abeiro do exposto no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e, en consecuencia autoriza-lo gasto por importe de 5.726.00€ € con cargo a partida orzamentaria partida 16921310000 "Persoal laboralERSOAL LABORAL TEMPORAL NORMALIZACION LINGUISTICA", para facer fronte a referida contratación.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 13 de xuño do 2011.

Terceiro.- Ordenar a urxente publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade, da oferta pública dun/ha Técnico/a Normalización Lingüística, establecéndose os seguintes REQUISITOS:

Posto de Traballo: Técnico Superior de Normalización Lingüística

*Titulación esixida: Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (sección galego-portuguesa)*

*Grao en Estudos de Galego e Español (Itinerario en Lingua e Literatura galegas)*

*Duración do contrato: Dous meses e trece días.*

*Realizarase unha proba de avaliación de coñecementos teóricos e unha proba de carácter práctica.*

*O anuncio da presente convocatoria publicarase, por motivos de urxencia e axilidade, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, así como dun extracto da convocatoria nun dos diarios de mais difusión da localidade e na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org).)*

*O prazo de presentación de instancias de participación será de 5 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria na prensa local, a data, lugar e hora da realización da entrevista e/ou exercicios que se acorden, e a lista de admitidos e excluídos xunto coas causas motivadoras da exclusión, publicarase no Taboeiro de Edictos do Concello de Vigo.*

*Contra a exclusión na lista de admitidos poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e ne páxina web municipal.*

*Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais consignados no artigo 56 do EBEP, que se concretan en:*

*a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.*

*b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas; no suposto de que os/as aspirantes sexan persoas con discapacidade física ou psíquica, deberase acreditar tanto o grao de discapacidade (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da mesma co posto de traballo ofertado, mediante certificacións expedidas polo Administración Pública competente, nos termos do contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación.*

*c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.*

*d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Asimesmo, non poderá atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.*

*e) Estar en posesión da titulación de Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (sección galego-portuguesa) ou Grao en Estudos de Galego e Español (Itinerario en Lingua e Literatura galegas) ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de solicitudes.*

*No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.*

*Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo; o do apartado e) con fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) e d), a través de declaración xurada ao efecto, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica.*

*Os/as aspirantes con discapacidade deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competen-*

tes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

Cuarto.- O sistema de selección será o de oposición libre, constando de dous exercicios:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo dunha hora e media, tres temas elixidos ó chou mediante sorteo público, que se celebrará polo órgano de selección en presenza dos aspirantes, correspondentes co temario anexo ás presentes bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os dous restantes á parte específica.

Na presente proba avaliaranse tanto o volume de coñecementos dos/das aspirantes, a facilidade de exposición escrita, así como a capacidade de relación conceptual e de síntese nas conclusións e razoamentos.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito dous supostos prácticos relacionados co temario específico da convocatoria, durante un período máximo de dúas horas, que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza cuxa provisión se pretende. Un deles consistirá na corrección/redacción dun texto (redacción administrativa) e outro sobre coñecementos sobre dinamización e planificación.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, mais non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, quen poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao/á aspirante calquera aclaración que considere oportuna sobre o suposto práctico desenvolvido.

Na dita proba avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o recinto asinarán todos os membros do órgano de selección

*presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.*

*A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.*

*No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, polo que acredite mais méritos na fase de concurso. De seguir persistindo o empate, a/o de maior idade e se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.*

*Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.*

*Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes aos dous exercicios da fase de oposición, farase pública a relación de aspirantes que resulten aptos/as por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser contratados/as.*

**Quinto.-** Ordenar a constitución dunha comisión de valoración para que se proceda á selección e proposta de contratación dun/ha candidato/a para o posto, co obxecto de formaliza-la contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas como técnico/a de normalización lingüística.

O órgano de selección terá carácter colexiado e estará composto por cinco membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto, e estará composta polo Presidente, tres funcionarios do Concello de Vigo ou dos seus Organismo Autónomos que actuaran como vocais, que deberán comparecer a título individual e un/ha técnico/a de administración xeral que actuará como secretario/a, propostos/as polo Concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designaranse aos respectivos/as suplentes. Os/as seus/súas integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

O Secretario/a, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan

presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999,

O Órgano de selección contará coa asistencia técnico-administrativa, no caso de así solicitarse polo organo de selección, dun/dunha funcionario/a do Servizo de RR.HH. deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio a Comisión de Valoración e baixo as instrucións directas da mesma.

Os membros do órgano de selección, que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación da Comisión de Valoración, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Sexto.- Que finalizado o proceso de selección, pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do contrato laboral-temporal por acumulación de tarefas ó amparo do disposto no art. 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, do/a candidato/a proposto/a pola citada Comisión, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do postos de Técnico/a Superior de Normalización Lingüística, da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 20 de setembro de 2010.

Sétimo.- Será de aplicación ó disposto no Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, modificadorio do artigo 15.5 do Estatuto dos Traballadores/as, no relativo a duración máxima dos períodos de contratación das distintas modalidades contractuales de duración determinada (24 meses dentro do período de 30 meses computados dende o 1 de xullo do 2006).

Oitavo.- A xonada laboral do/a traballador/a contratado/a, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá de 09,00 a 14,00 horas.

En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Noveno.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos,

termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

## T E M A R I O

### *BLOQUE I: PARTE XERAL*

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e suspensión.*
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia . Principios xerais e estrutura.*
- Tema 3.- O Municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*
- Tema 4.- Organización Municipal. Competencias municipais.*
- Tema 5.- O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.*

### *BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA*

- TEMA 1: Situación sociolingüística do idioma galego.*
- TEMA 2: Situación sociolingüística no concello de Vigo.*
- TEMA 3: A lexislación lingüística: o marco europeo, estatal e galego. A Lei de normalización lingüística*
- TEMA 4: A lexislación lingüística na función pública.*
- TEMA 5: Normativa lingüística no ámbito local no concello de Vigo.*
- TEMA 6: Normalización lingüística. Liñas xerais no proceso de normalización lingüística.*
- TEMA 7: Definición e obxectivos da planificación lingüística*
- TEMA 8: A dinamización lingüística. Definición e obxectivos da dinamización lingüística.*
- TEMA 9: Os plans de dinamización lingüística. Criterios de elaboración dun plan de dinamización lingüística. O Plan xeral de dinamización lingüística*
- TEMA 10: Os servizos lingüísticos. Os servizos de normalización lingüística. Definición, organización e funcións.*
- TEMA 11: A normalización lingüística no ámbito da administración pública. A normalización lingüística no ámbito da administración local. A intervención dende os concellos*
- TEMA 12: Política e planificación lingüística no Concello de Vigo.*
- TEMA 13: O Plan de dinamización lingüística do Concello de Vigo*
- TEMA 14: Liñas xerais do proceso de normalización lingüística no ámbito educativo.*
- TEMA 15: Liñas xerais do proceso de normalización lingüística nos ámbitos socioeconómico, institucional e da comunicación*
- TEMA 16: O galego hoxe; o estándar e as variedades. Problemas e avances da estandarización do galego.*
- TEMA 17: Terminoloxía e lexicoloxía. Terminoloxía e lexicoloxía no ámbito galego. Principios básicos do traballo terminolóxico.*
- TEMA 18: Normalización lingüística, planificación lingüística e terminoloxía*
- TEMA 19: A linguaxe administrativa galega. A redacción administrativa*
- TEMA 20: Linguas minorizadas e minorías lingüísticas en Europa. O caso español.*



**25(1069).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

A) RESOLUCIÓN DE DATA 19/09/2013, DE CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO AO EMPREGADO MUNICIPAL D. ROBERTO BALLESTEROS COSTAS. EXPTE. 24458/220.

Con data 19.09.13, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

*Primeiro.- Autorizar a D. ROBERTO BALLESTEROS COSTAS, con NIF 36.074.998-G e núm. persoal 22869, auxiliar administrativo adscrito á oficina administrativa do Parque Móbil, un permiso non retribuído dun mes, por asuntos personais (do 16/09/2013 a 15/10/2013), de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Xefe de Área Fomento, Xefe do Parque Móbil, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Tco. de Organización e Planificación, negociado de Seguridade Social e Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

B) RESOLUCIÓN DE DATA 16/09/2013, DE PRÓRROGA DE PERMANENCIA NO SERVIZO ACTIVO DE D. BASILIO COSTAS FERNÁNDEZ. EXPTE. 24443/220.

Con data 16.09.13, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

*Primeiro.- Autorizar a prolongación da prórroga de permanencia no servizo activo do oficial condutor da Alcaldía, D. Basilio Costas Fernández, con DNI 35.960.543-C, nº persoal 10257, con efectos de 2 de novembro de 2013.*

*Segundo.- A presente prolongación do servizo será por un ano, prorrogable por periodos anuais, ata un máximo de cinco anos (coa presente prórroga o interesado acumularía xa un período de tres anos).*

*Terceiro.- O Sr. Costas Fernández, poderá poñer fin á prolongación da permanencia no servizo activo comunicando ao órgano competente a data prevista por él para a súa xubilación forzosa, que deberá dirixir ao órgano competente cunha antelación mínima de tres meses á data de xubilación solicitada. Igualmente a Administración Local poderá deixar sen efecto a dita prórroga por acto administrativo posterior debidamente motivado, quedando a mesma sen efecto en calquera caso no límite máximo de cinco anos.*

*Cuarto.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que o dictou no prazo dun mes, que se entenderá desestimado se transcorre outro sen contestarse. Neste caso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, nos supostos previstos no art. 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses.*

### ACORDO

A Xunta de Goberno local queda enterada.

C) RESOLUCIÓN DE DATA 19/08/2013, DE READMISIÓN DE D<sup>a</sup> NATALIA BARREIRO FIGALGO EN EXECUCIÓN PROVISIONAL DE SENTENZA. EXPTE. 24363/220.

Con data 20.08.13, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

*PRIMEIRO.- Executar provisionalmente a Sentenza nº 508/2013, do 30 de xullo, dictada no procedemento nº 10/2013 (Xulgado do Social nº 2 de Vigo) e consecuentemente dispoñer a readmisión inmediata de D<sup>a</sup> NATALIA BARREIRO FIDALGO, con DNI 36.157.165-S, no Servizo de Turismo do Concello de Vigo, con carácter provisional e sen prexuízo do que estableza a sentenza que se dicte en apelación polo TSXG, debendo causar alta na nómina municipal a traballadora indicada coas condicións seguintes segundo sentenza:*

- *relación laboral: persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme;*
- *categoría profesional de "administrativa de servizos turísticos" (subgrupo C1, CD 19 e CE 316)*

*SEGUNDO.- Dispoñer que deberán en todo caso respectarse as limitacións legais establecidas no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto á reserva legal de funcións a favor dos funcionarios públicos, establecéndose como réxime retributivo o contemplado no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, consonte ao disposto no fallo resolución xudicial que se executa.*

*A dita readmisión terá os efectos previstos na resolución xudicial que se executa, quedando condicionada ao que resulte do fallo da sentenza que no seu momento se dicte polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación que eventualmente se interpoña pola representación legal do Concello, ao abeiro do establecido na Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.*

*TERCEIRO.- Dispoñer, en execución da sentenza xudicial indicada, que se proceda, con carácter urgente polo Servizo de Recursos Humanos á tramitación de expediente de gasto para afrontar o aboamento a D<sup>a</sup> NATALIA BARREIRO FIDALGO das contías correspondente a salarios de tramitación contidas na sentenza, da antigüidade recoñecida na mesma e da indemnización por danos morais acordada polo xuíz de instancia, aos efectos da súa aprobación pola Xunta de*

*Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, previa a preceptiva fiscalización do gasto e a cuantificación total dos importes a aboar polos conceptos indicados.*

*CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Social nº 2 de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade á recorrente, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Turismo, Intervención Xeral Municipal e Xefatura do Servizo de Turismo, aos efectos que procedan, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”*

*Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial, unicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.*

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**d) RESOLUCIÓN DE DATA 22/08/2013, DE READMISIÓN DE D<sup>a</sup> ENMA DÍAZ LÓPEZ EN EXECUCIÓN PROVISIONAL DE SENTENZA. EXPTE. 24371/220/220.**

Con data 23.08.13, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

*PRIMEIRO.- Executar provisionalmente a Sentenza nº 345/2013, do 26 de maio de 2013, dictada no procedemento nº 20/2013 (Xulgado do Social nº 5 de Vigo) e consecuentemente dispoñer a readmisión inmediata con efectos do día 22 de agosto de 2013 de D<sup>a</sup> ENMA DIAZ LÓEZ, con DNI 34.264.744-R, no Servizo de Turismo do Concello de Vigo, con carácter provisional e sen prexuízo do que estableza a sentenza que se dicte en apelación polo TSXG, debendo causar alta na nómina municipal a traballadora indicada coas condicións seguintes segundo sentenza:*

*relación laboral: persoal laboral indefinido por sentenza xudicial firme;  
categoría profesional de “administrativa de servizos turísticos” (subgrupo C1, CD 19 e CE 316)*

*SEGUNDO.- Dispoñer que deberán en todo caso respectarse as limitacións legais establecidas no artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto á reserva legal de funcións a favor dos funcionarios públicos, establecéndose como réxime retributivo o contemplado no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, en canto ao persoal laboral integrado no cadro de persoal municipal, consonte ao disposto no fallo resolución xudicial que se executa.*

*A dita readmisión terá os efectos previstos na resolución xudicial que se executa, quedando condicionada ao que resulte do fallo da sentenza que no seu momento se dicte polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación que eventualmente se intepoña pola representación legal do Concello, ao abeiro do establecido na Lei 36/2011, de 16 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.*

*TERCEIRO.- Dispoñer, en execución da sentenza xudicial indicada, que se proceda, con carácter urxente polo Servizo de Recursos Humanos á tramitación de expediente de gasto para afron-*

tar o o aboamento a D<sup>a</sup> ENMA DIAZ LÓPEZ das contías correspondente a salarios de tramitación e diferencias salarias da sentenza 346/2013, no procedemento 1237/2012, da antigüidade recoñecida na mesma acordada polo xuíz de instancia, aos efectos da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, previa a preceptiva fiscalización do gasto e a cuantificación total dos importes a aboar polos conceptos indicados.

CUARTO.- Dar conta do presente acordo ao Xulgado do Social nº 5 de Vigo aos oportunos efectos, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade á recorrente, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Turismo, Intervención Xeral Municipal e Xefatura do Servizo de Turismo, aos efectos que procedan, debendo darse conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e ratificación se procede.”

Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial, unicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **26(1070).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN NO CONCELLEIRO CARLOS LÓPEZ FONT DA TRAMITACIÓN IMPULSO E INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA DO MERCADO DO PROGRESO, ASÍ COMO A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO FUNCIONAL DO MERCADO DO BERBÉS.**

Dáse conta da devandita resolución, de data 19.09.13, que di o seguinte:

*Mediante Resolución de data 16.05.2013 esta Alcaldía delegou no Concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas, Cayetano Rodriguez Escudero, a tramitación, impulso e instrución do expediente que ten por obxecto a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso mediante a modalidade de concerto, así como a posta en marcha do proxecto funcional do Mercado Municipal do Berbés.*

*A baixa laboral do concelleiro citado obriga á realización dunha nova distribución das competencias mencionadas, a tales efectos, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, RESOLVO:*

*PRIMEIRO: Avocar as competencias por min delegadas na Resolución de data 16.05.2013.*

*SEGUNDO: Delegar no concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal a tramitación, impulso e instrución do expediente que ten por obxecto a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso mediante a modalidade de concerto sen prexuízo de que o seguimento da actual xestión directa, no que se refire á tramitación dos gastos que orixina a mes-*

ma e calquera outra actuación conexas, sexa instruída pola Concellería Delegada de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio.

*TERCEIRO: Delegar no Concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e xestión Municipal a posta en marcha do proxecto funcional do Mercado Municipal do Berbés.*

*CUARTO: Para o cumprimento dos fins previstos os concelleiros delegados exercerán as atribucións e facultades mencionadas nos apartados cuarto e seguintes, agás o sétimo, da miña Resolución de data 07.02.2013.*

*QUINTO: Notificar a presente Resolución ao concelleiro delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, ao concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, ao concelleiro delegado de Distritos, Parques, Xardíns, Limpeza e Comercio, ás xefaturas dos servizos afectados e o funcionario Miguel Pola Tombo na súa condición de Asesor en materia de Mercados.*

*SEXTO: A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.*

*SÉTIMO: Dar conta individualizada da presente Resolución á Xunta de Goberno Local.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **27(1071).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:**

A) ASOCIACIÓN FESTAS DO ROSARIO. EXPTE. 86987/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe do Área de Seguridade e Mobilidade do 23.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola ASOCIACIÓN FESTAS DO ROSARIO CIF G-36710689 en data 11/09/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da festa na honra da Virxe do Rosario levada a cabo en datas 6,7, e 8 de setembro no recinto de festas de San Andrés de Comesaña, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

B) ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS DE ZAMÁNS. EXPTE. 86858/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe do Área de Seguridade e Mobilidade do 23.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS VIRXE DOS AFRIXIDOS DE ZAMÁNS CIF G-36790228 en data 14/08/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da festa na honra da Virxe

dos Afrixidos levada a cabo en datas 30 e 31 DE AGOSTO e 01 de setembro no parque Forestal de Zamáns, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

C) ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE. EXPTE. 86704/210.

De conformidade co informe-proposta do xefe do Área de Seguridade e Mobilidade do 11.09.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza achegada pola A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE NIF- P-3600009-I en data 18/07/13 por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da festa na honra de SANTIAGO APÓSTOLO levada a cabo en datas 22 AO 25 DE XULLO na alameda de Bembrive, xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

**28(1072).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 13.09.13, RELATIVO AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPE. 3927/336.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 20.09.13, que di o seguinte:

*Detectado un erro no informe proposta relativo á contratación do servizo de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico, Expte 3927/336 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro de 2013, no referente ao importe correspondente ás anualidades 2013 e 2017 de xestión do servizo, propónse a corrección do mesmo de forma que en lugar de corresponder 17.000 € ao ano 2013, debe ser a mesma cantidade que aparece no PCA, 34.000 € e en lugar de 85.000 € para o ano 2017, deben ser 68.000 € .*

- *Prezo do contrato: 408.000 €*
- *Partida presupostaria: 3370.2279901*
- *Duración do contrato:catro anos*
- *Prórroga do contrato: dous anos*
- *Anualidades con IVE incluído.*

ANO	EUROS
2013	34.000,00 €
2014	102.000,00 €
2015	102.000,00 €
2016	102.000,00€
2017	68.000,00 €

Por todo elo , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

1º.- Corrección do acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de setembro do 2013, relativo ao Expte 3927/336, no referente aos importes correspondente ás anualidades de 2013 e 2017, por non corresponder estes cos establecidos no PCAP.

2º.- Aprobar os importes de 34.000 € correspondentes á anualidade de 2013 en lugar de 17.000 € e 68.000 € correspondentes á anualidade de 2017 en lugar de 85.000 €.

3º.- Aprobar os seguintes importes correspondentes ás anualidades da contratación do servizo de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico:

ANO	EUROS
2013	34.000,00 €
2014	102.000,00 €
2015	102.000,00 €
2016	102.000,00€
2017	68.000,00 €

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **29(1073).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DO CASTRO.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.09.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 18.09.13, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prorrogalo contrato de Xestión do Programa de Dinamización Xuvenil do Castro, adxudicado a Xegalia, Galega de Xestión, S.L. dende o día 01-10-2013 ata o día 30-09-2014 polo importe de 91.239,33 € (ive incluído), estando pendente de aplicar a 3ª revisión IPC.

2º.- Aprobar o gasto aplicable as seguintes anualidades:

2013: 22.809,84 € ( 3 meses)

2014: 68.429,49 € ( 9 meses)

3º.- O gasto da presente proposta imputarase á aplicación orzamentaria 3370.2279906 ou á bolsa de vinculación.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

**30(1074).- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”. EXPTE. 6696/407.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.08.13, dáse conta do informe-proposta asinado pola xefa de Asesoramento Xurídico e o xefe dos Servizos Centrais e conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES E MOTIVACIÓN DA MODIFICACIÓN.**

*O Pleno, en sesión de 30 de xaneiro de 2013, aprobou definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2013 (BOP nº 27 de 7 de febreiro de 2013). Neste Orzamento intégrase o do Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” que presenta un cadro de persoal composto por 82 prazas (81 funcionarios e a da Xerente como persoal eventual de confianza).*

*A vixente relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de abril de 2011 e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia o 24 de xuño de 2011.*

*Ademais o 26 de marzo de 2012 publicábanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra determinadas modificacións na relación de postos de traballo do Concello que afectaban a postos adscritos a este Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo”. Estas modificacións eran:*

- *A creación na “Área de Urbanismo e Vivenda” do “Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos” e a integración nel dos servizos de Barrios Históricos (cód. 406) e Patrimonio Histórico (cód. 413).*
- *Creación –mediante a modificación de dous preexistentes- de dous postos:*
  8. *“Xefe/a do servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos”.*
  9. *“Xefe de servizo da Area Técnica”.*

*Seguindo instrucións da Xefatura e da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e Vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, e a efectos de dar maior operatividade á estrutura organizativa deste Organismo Autónomo e de adaptar a mesma ás novas estruturas xerárquicas, faise necesario modificar determinados postos, tanto a súa descrición (adaptándoa a súa funcionalidade real), como as súas condicións retributivas e de acceso.*

*As variacións de condicións retributivas non supoñen globalmente aumento de custo e respectan cuantitativa e cualitativamente as consignacións contempladas no Orzamento para este exercicio 2013.*

*A vista das observacións do informe do Interventor Xeral, de data 29/08/2013, realízase unha nova proposta na data de 16/09/2013, corrixindo ditas observacións que se concretan na modificación do apartado 3º do informe-proposta, relativo ó financiamento da modificación proposta.*



As modificacións previstas na relación de postos de traballo, respecto á vixente, son as seguintes:

*PRIMEIRA.- O posto de “Xefa de Intervención Urbanística” (código 421.01), con complemento de destino nivel 28 e específico con clave 625, ten un contido moi amplo, xa que abrangue os Servizos de Licenzas (obras e actividades), de Infraccións Urbanísticas e a Oficina de ITE e Conservación. A planificación desta gran área é realizada pola Xerente e a Xefa do Servizo da Área Técnica que fixan as directrices de actuación e a coordinación dos servizos. Polo tanto, resulta máis eficaz que, en lugar desta xefatura de área, cada un dos servizos estea dirixido por xefaturas máis próximas e especializadas que poidan dar unha resposta máis inmediata ás necesidades do servizo.*

*En consecuencia redénomínase o posto de “Xefa de Intervención Urbanística” en “Xefe/a xurídico-administrativo de Licenzas” a cubrir por un Técnico de Administración Xeral que asumirá as funcións da xefatura xurídica de licenzas.*

*Por outra parte, resulta preciso crear o posto de “Xefe/a técnico de Licenzas” a cubrir por un arquitecto, polo que, un posto de “arquitecto” con complemento de destino nivel 26 e específico con clave 680, pasa a denominarse “Xefe/a técnico de Licenzas”. Corresponderalle a dirección dos técnicos de licenzas, a coordinación e reparto das tarefas encomendadas e a unificación dos criterios técnicos de aplicación nos informes a evacuar nos expedientes de licenzas de obras e actividades.*

*A ambas xefaturas se lles asigna un complemento de destino de nivel 26 e un complemento específico coa clave 650. O sistema de provisión será o de libre designación, podendo inicialmente provistarse mediante adscripción provisional.*

*Estas xefaturas terán as funcións xenéricas asignadas ós “xefes de departamento”, conforme ás guías de funcións aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 para o conxunto dos postos do grupo “A” do Concello de Vigo e polo mesmo órgano, en sesión de 20 de decembro de 2010, para os postos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo, sendo as máis relevantes:*

- 1ª) Cooperar co seu superior inmediato co obxectivo de facilitar o desenvolvemento da función directiva que leva implícita o seu posto.*
- 2ª) Asumir o liderado do departamento do que é responsable, exercendo funcións de natureza directiva.*
- 3ª) Asumir funcións relacionadas coa xestión dos recursos humanos do departamento.*
- 4ª) Asumir funcións relacionadas coa xestión económica do departamento.*
- 5ª) Asumir funcións relacionadas coa xestión documental e de expedientes do departamento, así como funcións de aprobación documental.*

*Estas funcións especificanse de xeito detallado nas referidas guías de funcións.*

*SEGUNDA.- O Servizo de Rehabilitación e Cascos Históricos tramita as licenzas que se outorgan nas zonas incluídas no ámbito dos Plans Especiais de Protección e Reforma interior do Casco Histórico de Bouzas e do Casco Vello de Vigo e no ámbito incluído na Ordenanza 2 do PXOM “Conservación e Protección ambiental”. Este servizo necesita dispoñer dun xefe de oficina, debendo terse en conta a especialización que require a intervención urbanística nestas áreas especialmente afectadas pola normativa de protección do patrimonio histórico, polo que se redénomina un posto de “Administrativo” con complemento de destino nivel 19 e específico con clave 316 como “Xefe/a oficina Cascos Históricos” (complemento de destino de nivel 22 e específico correspondente á clave 313).*

*TERCEIRA.- Por outra parte, tendo en conta a nova organización da Oficina de Licenzas redenomínase o posto de “Xefe negociado de Licenzas de Obras” como “Xefe/a oficina Licenzas”. Este cambio de denominación non supón variacións nas condicións retributivas do posto.*

*CUARTA.- Transfórmanse dous postos de “Arquitectos”, con complemento de destino nivel 26 e específico con clave 680 en dous postos denominados “Arquitectos responsables de Obras Municipais”, co mesmo complemento de destino (nivel 26) e complemento específico correspondente á clave 660. O sistema de provisión será o de libre designación podendo inicialmente realizarse mediante adscripción provisional.*

*Estes postos responsabilizaranse da redacción de proxectos e dirección de obras municipais (supervisión en ambos casos si estes cometidos se externalizan), tanto das derivadas da xestión urbanística, como aquelas que lles sexan encomendadas polo/a presidente/a da Xerencia de Urbanismo.*

*A dirección de obras supón a exposición a riscos especiais por canto é preciso moverse por andamiaxes en altura, acceder a cubertas, acceder a obras de derruba de edificacións, etc.*

*Ademáis da función de Dirección de Obra exercerán na maior parte das obras que dirixan as funcións de Coordinadores de Seguridade e Saúde, o que supón unha responsabilidade con implicacións civís e penais sobre a seguridade dos traballadores nas obras.*

*Atenderanse, seguindo as ordenes da presidencia da Xerencia de Urbanismo, as distintas Concellerías que xestionan edificios municipais (Xerencia de Urbanismo, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Vigozoo, Medio Ambiente, Cultura e Animación Sociocultural, Patrimonio Histórico, Deportes, Turismo e Comercio, Distritos, Educación, Policía Local, Bombeiros, Xuventude,...), o que conleva a necesidade de coordinar o traballo coas correspondentes concellerías e servizos.*

*O persoal técnico desta oficina terá que atender, fora do horario de traballo, ás incidencias derivadas da execución das obras que precisan de resolución inmediata xa que, na maior parte dos casos, estas incidencias veñen relacionadas coa execución de partes da obra que están en proceso de execución nese intre (control de formigonados en horario de tarde, incidencias con veciños en procesos de derruba de edificacións, etc.). Deberán resolver as cuestións que xurdan na execución de obras, que necesitan se atendidas fora do horario laboral.*

*QUINTA.- Por outra parte, resulta preciso crear o posto de “Xefe/a do Arquivo da XMU”, polo que o posto de arquivado/a con complemento de destino nivel 25 e específico con clave 690, pasa a denominarse “Xefe/a do Arquivo da XMU”, baixo a dirección do Xefe/a de Asesoramento Xurídico e do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo. En consecuencia redenomínase o posto de “Arquivado/a” en “Xefe do Arquivo da XMU” acubrir por un Arquivado/a que asumirá as funcións da xefatura do mesmo. O sistema de provisión será o de libre designación podendo inicialmente realizarse mediante adscripción provisional.*

*Correspondéralle a dirección, coordinación e organización do arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo, como:*

- Cooperar co seu superior inmediato (Xefe de Asesoramento Xurídico) e co Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo co obxectivo de facilitar o desenvolvemento da función directiva que leva implícita o posto da Xefatura do Arquivo.

- Exercer funcións de natureza directiva e a xestión organizativa do arquivo da XMU, en liña coa planificación estratéxica predefinida e aprobada polos superiores xerárquicos, organizando os recursos humanos adscritos ao arquivo da XMU para acadar os obxectivos establecidos. As funcións que se contemplan neste sentido son as seguintes; definir procedementos operativos de actuación, en relación coas competencias que corresponden ao arquivo da XMU co fin de promover a estandarización de procesos e a mellora da xestión facendo partícipes destes procesos ao persoal adscrito.

- Promover a comunicación interna e externa da unidade establecendo os mecanismos de comunicación interna que sexan necesarios para acadar unha correcta coordinación entre o arquivo da XMU e os diferentes servizos do Organismo Autónomo, así como, con outros servizos, ou unidades do Concello, de maneira especial co Arquivo Xeral, co que manterá unha relación de coordinación e colaboración continúa, sendo responsable do seguimento do trasvase de documentación e expedientes que se produzan entre o citado Arquivo e a Xerencia Municipal de Urbanismo. Terá que establecer os mecanismos de comunicación externa necesarios para acadar unha correcta coordinación con outras administracións, organizacións ou entidades, en todos aqueles asuntos que afecten ao arquivo da XMU, en especial co Arquivo Histórico Provincial, Arquivo da Deputación.

- Promover a mellora continua dentro do arquivo da XMU, asumindo as funcións relacionadas coa planificación, seguimento e control da actividade do arquivo, entre outras: realizar a programación dos traballos e actuacións a desenvolver por parte do arquivo, baixo a supervisión e aprobación dos seus responsables e en liña coa planificación estratéxica aprobada; verificar o cumprimento dos prazos establecendo accións correctoras no caso de que sexan requiridas para acadar os obxectivos; resolver as incidencias que se produzan no desenvolvemento das tarefas; dirixir e coordinar as actividades propias do arquivo da XMU, asignar funcións entre o persoal adscrito ao arquivo; asignar funcións entre o persoal adscrito ao arquivo mediante as oportunas ordes, orientacións e instrucións; exercer a dirección do persoal do arquivo da XMU e transmitir ao mesmo as instrucións recibidas da dirección superior (xefatura de asesoramento xurídico e Secretario da XMU); supervisar o traballo dos funcionarios e empregados adscritos á unidade, responsabilizándose da produtividade dos mesmos; realizar o control do cumprimento das obrigas do persoal do arquivo da XMU, atendendo ás súas condicións de traballo.

- Asumir funcións relacionadas coa xestión económica do arquivo da XMU, entre as que se atopan: detectar posibles fontes de financiamento adicionais que poidan ser empregadas polo arquivo da XMU en función da súa actividade, tales como convenios, subvencións, achegas económicas, etc., así como xestionar a súa obtención; elaborar a proposta de orzamento do arquivo da XMU e presentar dita proposta aos responsables pertinentes en cada caso; realizar a xestión e o control do gasto da unidade, en función do orzamento finalmente aprobado pola Xerencia Municipal de Urbanismo, evitando posibles excesos de gasto así como a existencia de partidas de gasto aprobadas e non empregadas; formular propostas de gasto para a adquisición polo arquivo de bens e/ou servizos e conformar a súa debida recepción.

- Asumir funcións relacionadas coa xestión documental e de expedientes da unidade, así como funcións de aprobación documental, como: dirixir as tarefas de rexistro e arquivo da documentación de acordo coas instrucións remitidas, de oficio ou a súa solicitude, por parte da Secretaría da XMU, tales como descrición, organización, instalación, valoración de series documentais, expurgo, etc.

- Asumir outras funcións de carácter máis xeral que estean relacionadas co posto de traballo, como representar á Xerencia Municipal de Urbanismo e/ou Concello de Vigo ou ao seu responsable xerárquico naquelas situacións nas que sexa necesario nas materias relacionadas coa arquivística, atender e informar ao público naquelas materias da súa competencia, etc.

- Calquera outra función de análoga natureza que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico dentro do ámbito das súas competencias.

Esta xefatura terá as funcións anteriormente citadas e as xenéricas asignadas ós "xefes de unidade", conforme ás guías de funcións aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 20 de setembro de 2010 para o conxunto dos postos do grupo "A1 e A2" do Concello de Vigo e polo mesmo órgano, en sesión de 20 de decembro de 2010, para os postos propios da Xerencia Municipal de Urbanismo. Se lle asigna un complemento de destino de nivel 26 e un complemento específico coa clave 680. O sistema de provisión será o de libre designación, podendo inicialmente provistarse mediante adscrición provisional.

SEXTA.- Varíanse á baixa as condicións retributivas de dous postos:

1) "Xefe/a Vivenda e Patrimonio Municipal do Solo", que pasa a asignársele un complemento de destino de nivel 26 (en lugar do nivel 28 orixinario) e un complemento específico de clave 660 (en lugar da clave 625). O posto non ten unhas características de responsabilidade ou complexidade que xustifiquen a diferenza retributiva con outras xefaturas de servizo.

2) "Adxunto ó Xefe de Desenvolvemento Urbanístico", con complemento de destino nivel 28 e específico con clave 650, que pasa a asignársele un complemento de destino nivel 26 e específico con clave 660, tendo en conta que as funcións de responsabilidade e organizativas son realizadas polo Xefe de Desenvolvemento Urbanístico en coordinación co Xefe de Servizo de Planeamento e Xestión.

SEPTIMA.- Os postos non singularizados, como son: "Técnicos de Administración Xeral", "Administrativos" e "Auxiliares administrativos", se asignan aos distintos servizos en función da carga real de traballo. Se pretende, que dun xeito áxil, se poidan cubrir baixas laborais ou reforzar servizos no momento en que se precise a fin de lograr unha maior eficacia na xestión administrativa. Prevese para estes postos unha organización máis flexible que permita dar resposta inmediata a necesidades novas.

A presente proposta foi obxecto de negociación sindical o trinta de maio de 2013.

## 2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E ÓRGANO COMPETENTE.

O artigo 74 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que "as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estén adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditados instrumentos serán públicos". Similar contido presenta o todavía vixente artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma da Función Pública.

O artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos deste Organismo Autónomo (aprobados polo Pleno en data 6 de setembro de 2010 e publicados –de forma refundida- no BOP o 6 de outubro de 2010), atribúe ó Concello a aprobación da relación de postos de traballo, que desde a modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, mediante a Lei 57/2003, de 16 de decembro, é competencia da Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.h) da citada Lei 7/1985.

O artigo décimo, punto 1, dos Estatutos da Xerencia establecen que “correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias: ...f) Proposta de aprobación...da relación de postos de traballo do organismo autónomo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas ou periódicas dos empregados públicos do organismo autónomo.”

### 3.- FINANCIAMENTO DAS VARIACIÓNS DAS CONDICIÓNS RETRIBUTIVAS.

A variación da RPT é viable dentro dos créditos aprobados para o capítulo 1 de “Gastos de Persoal” do Orzamento da Xerencia, aprobado con carácter definitivo o 30 de xaneiro de 2013 polo Pleno da Corporación. Achégase cuantificación das reducións e aumentos proxectados.

Ademáis de existir consignación orzamentaria, debe cumprirse o preceptuado polos artigos 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. Como calquera gasto, o posible maior custo real retributivo estará suxeito a un dobre límite: a estabilidade orzamentaria (a correspondencia dos gastos coa recadación efectiva dos ingresos) e a regra de gasto (o límite do incremento do gasto é a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto, é dicir, un 1,7% este ano 2013). En consecuencia, a aprobación desta proposta deberá terse en conta para limitar o gasto total deste Organismo Autónomo a 31 de decembro.

### 4.- PROPOSTA:

Por todo o exposto o Consello da Xerencia PROPORÁ Á XUNTA DE GOBERNO a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Modificar a relación de postos de traballo do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión de 25 de abril de de 2011 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 24 de xuño de 2011, de conformidade co catálogo de postos que se achega:

#### 1.- XEFATURA (400)

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
400.01	Xerente	1			EV	LD				univ.		Eventual de confianza
400.03	Administrativo	1	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	

#### 1.1.- SERVIZO: VIVENDA E PMS (401)

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
401.01	Xefe Vivenda e PMS	1	26	660	N	LD	A1 /A 2	AX/ AE	TS/T M	1/2	V	VACANTE
401.03	Administrativo	1	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	V	1 posto ocupado por aux.adm.

#### 2.- ÁREA DE SECRETARÍA-RÉXIME INTERIOR.

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
-----	--------------------	-----	----	----	----	----	---	-----	--------	------	-----	--------------

402.01	Xefe/a Asesoramento Xurídico	1	28	625	S	LD	A1	AX	TS	6	P	
--------	------------------------------	---	----	-----	---	----	----	----	----	---	---	--

### 2.1.- ASESORÍA XURÍDICA-SECRETARÍA (402).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
402.03	Auxiliar Administrativo	1	16	166	N	CA	C2	AX	AU	4	P	

### 2.2.- ATENCIÓN Ó CIDADÁN.

#### 2.2.1.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA (403).

#### 2.2.2.- REXISTRO (404).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
404.01	Xefe/a oficina Rexistro	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	P	Ocupada por un administrativo
404.02	Administrativo	2	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	
404.03	Auxiliar Administrativo	1	16	166	N	CA	C2	AX	AU	4	P	

#### 2.2.3.- ARQUIVO (405).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
405.01	Xefe/a Arquivo	1	26	680	S	CA	A2	AE	TM	2	P	
405.02	Administrativo	1	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	
405.03	Alguacil-notificador	1	14	162	N	CA	C2	AX	AU	4	P	

### 2.3.- ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
406.01	Técnico resp. Admon. Electrónica	1	26	650	S	LD	A1	AE	TS	1	P	
406.02	Programador informático	2	22	307	N	CA	C1	AE	TA	3	P	

### 2.4.- SERVICIOS CENTRAIS-ECONÓMICOS (407)

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
407.01	Xefe/a Servizos Centrais	1	28	625	S	LD	A1	AE/AX	TS	1	P	
407.02	Xefe/a oficina Servizos Centrais	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	P	Ocupada por un administrativo
407.03	Administrativo	1	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	

#### 2.4.1.- XESTIÓN FINANCIERA: ORZAMENTOS/CONTABILIDADE/TESOURERÍA.

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
407.05	Técnica Tesourería/Xestión ingresos	1	26	660	N	LD	A2	AE	TM	2	P	

#### 2.4.2.- PERSOAL E CONTRATACIÓN.

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/CI	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
407.06	Técnico Admón Xeral	1	26	680	N	CA	A1	AX	TS	1	P	VACANTE
407.07	Xefe/a de oficina Recursos Humanos	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	T	Titular en Tenencia

2.4.3.- CONSERXERÍA-  
NOTIFICACIÓNS/MANTEMENTO.

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
407.08	Oficial de oficios	1	16	166	N	CA	C2	AE	CE	4	P	
407.09	Alguacil-notificador	1	14	162	N	CA	E	AX	SU	5	P	

3.- AREA TÉCNICA.

3.1.- INTERVENCIÓN URBANÍSTICA

XEFATURA DE INTERVENCIÓN URBANÍSTICA

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
411.02	Xefe/a xurídico-admvo. Licenzas	1	26	650	S	LD	A1	AE/ AX	TS	1	P	
411.03	Xefe/a técnico Licenzas	1	26	650	S	LD	A1	AE/ AX	TS	1	P	
411.04	Xefe/a Disciplina Urbanística	1	28	660	S	LD	A1	AE/ AX	TS	1	P	

OFICINA XURÍDICO-ADMINISTRATIVA

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
411.07	Técnico Admón. Xeral	5	26	680	N	CA	A1	AX	TS	1	P	3 vac., 2 interinos (1OEP 2010)
411.09	Xefe/a oficina Licenzas	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	T	Ocupada por un administrativo
411.10	Xefe/a oficina Disciplina Urbanística	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	T	Ocupada por un administrativo
411.11	Xefe/a oficina ITE/Conservación	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	T	Ocupada por un administrativo
411.12	Administrativo	11	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	
411.14	Auxiliar administrativo	1	16	166	N	CA	C2	AX	AU	4	P	

OFICINA TÉCNICA

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
411.15	Arquitectos Responsables Obras Mpais.	2	26	660	S	LD	A1	AE	TS	1	P	
411.16	Arquitecto	3	26	680	N	CA	A1	AE	TS	1	P/ V	2 VACANTES (1 interino)
411.17	Enxeñeiro Edificación	2	26	680	N	CA	A1	AE	TM	99	P	Ocupadas por funcionarios A2
411.18	Enxeñeiro Industrial	1	26	680	N	CA	A1	AE	TS	46	V	1 VACANTE (interino)
411.20	Arquitecto técnico	1	26	680	N	CA	A2	AE	TM	2	P	
411.21	Enxeñeiro técnico industrial	2	26	680	N	CA	A2	AE	TM	56	P	
411.24	Inspector Urbanismo	6	18	312	N	CA	C1	AE	TA	3	P	1 VACANTE

3.2.- DEPARTAMENTO DE DESENVOLVEMENTO (420-423).

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
420.02	Adxunto ó xefe Desenvolvemento Urbanist.	1	26	660	S	LD	A1	AX/ AE	TS	1	P	VACANTE

3.2.1.- PLANEAMENTO E XESTIÓN (421) .

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
421.01	Xefe de Servizo de Planeam.-Xestión	1	28	650	S	LD	A1	AX/AE	TS	1	P	
421.03	Arquitecto	2	26	680	N	CA	A1	AE	TS	1	P	Titular en com.serv. (interino)
421.04	Técnico Medio Ambiente	1	26	680	N	CA	A1	AE	TS	1	P	
421.05	Técnico Admón Xeral	2	26	680	N	CA	A1	AX	TS	1	P	1 VACANTE (interino)
421.06	Xefe de oficina Planeam.-Xestión	1	22	313	N	C	C1	AX	SA	3	T	
421.07	Administrativo	2	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	

3.2.2.- URBANIZACIÓN E INFRAESTRUCTURAS (422)

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
2.02	Xefe Urbanizacións-Infraestructuras	1	26	650	S	LD	A1/A2	AX/AE	TS/TM	1/2	P	
422.03	Enxeñeiro técnico Obras Públicas	1	26	680	N	CA	A2	AE	TM	54	V	1 VACANTE (OEP 2010 libre)

3.2.3.- CARTOGRAFÍA (423)

4.- AREA DE REHABILITACIÓN E CASCOS HISTÓRICOS (430).

(Dirixida directamente pola Xefa Áreas Tenencia)

CDG	DENOMINACION POSTO	Dot	CD	CE	TP	FP	G	ESC	Sbe/Cl	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
430.02	Arquitectos	2	26	680	N	CA	A1	AE	TS	1	P	
430.04	Técnico Admón. Xeral	1	26	680	N	CA	A1	AX	TS	1	P	1 interino
430.05	Xefe/a oficina Cascos Históricos	1	22	313	N	C	C1	AX	SA	3	T	
430.06	Administrativos	2	19	316	N	CA	C1	AX	SA	3	P	

**SIGNIFICADO DAS CLAVES EMPREGADAS:**

CDG = Código do posto.

DOT = Dotación en número de postos con iguais características.

CD = Nivel asignado ó posto a efectos de percepción do complemento de destino.

CE = Complemento específico asignado ó posto.

TP = Tipo de posto (S: singularizados / N: non singularizados).

FP = Forma de provisión (C: concurso / LD: libre designación/ CA: cambio de adscripción).

G = Grupo (A1, A2, C1, C2, E).

ESC = Escala (AX: Escala de Administración Xeral / AE: Escala de Administración Especial).

Sbe/Cl= Subescala /

Clase:

TS: Técnico Superior.

TM: Técnico Medio.

SA: Subescala Administrativa.

AU: Subescala Auxiliar.

SU: Subescala Subalterna.

CE: Servizos-Cometidos Especiais.

TIT. = Titulación:

1: Título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.



2: Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto técnico, F.P.3 ou equivalente.

3: Bacharelato superior, F.P. II ou equivalente.

4: Graduado, escolar F.P. I ou equivalente.

5: Certificado de escolaridade.

6: Licenciado en dereito.

46: Enxeñeiro industrial.

54: Enxeñeiro técnico obras públicas.

56: Enxeñeiro técnico industrial.

99: Enxeñeiro edificación.

SIT. = Situación:

V = Vacante.

T = Adscripción permanente.

P = Adscripción provisional.

IMPORTES DOS COMPLEMENTOS DE ESPECÍFICO:

Código	Importe anual €
625	29.440,46
650	22.298,36
660	20.931,54
670	18.626,58
680	17.763,48
690	15.022,42
307	13.359,92
312	10.810,66
313	10.747,52
316	9.042,18
166	8.217,44
162	9.102,24

*Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 74 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*

Con data 27.10.13 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno local.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **31(1075).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.